



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN EN DATA 27 DE XULLO DE 2023

PRESIDENTE:

PABLO DIEGO MOREDA GIL

MEMBROS:

CARMELA PRIETO CAL
JESUS ROMERO CARRACELAS
ISMAEL DURAN BEREJO
LUCIA PICOS ANEIROS
XULIO CRIBEIRO GARCIA
PABLO LUIS NEBRIL LOPEZ
MARIA DE LA LUZ LEONARDO ANEIROS
OLGA IGLESIAS BEREJO
JOSE ANTONIO RODRIGUEZ ARRIBE
MARIA JOSE PERNAS DIAZ
NOEL LOPEZ LOPEZ
MANUELA LOPEZ RODRIGUEZ

AUSENTES:

SECRETARIA:

ANA VELO RUIZ

INTERVENTORA:

MARIA CARMEN MENENDEZ ARES

Na Casa Consistorial do Concello de Cedeira (A Coruña), ás 20:00 horas do día 27 de xullo de 2023, réunese o Concello Pleno en primeira convocatoria, previa convocatoria para os efectos, co obxecto de realizar sesión ordinaria, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente e coa asistencia dos Sres./Sras. concelleiros/as que arriba se relacionan, actuando como Secretaria a titular da Corporación, dona Ana Velo Ruiz, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, para a válida realización das sesións plenarias, declara aberta esta.

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DE DATA 26.06.2023

De conformidade co preceptuado no artigo 91 do R.O.F., a Presidencia pregunta se existe algunha obxección á acta da sesión de data 26.06.2023.

A Presidencia somete a votación ordinaria a aprobación da acta do pleno anterior, correspondente ao extraordinario de data 26.06.2023, resultando aprobada por unanimidade dos concelleiros presentes.



2. MODIFICACIÓN DE CRÉDITO MODALIDADE SUPLEMENTO DE CRÉDITO FINANCIADO CON REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS 2022. MC 17 2023 SC 03 2023

Pola Secretaria dáse lectura á proposta de Alcaldía de data 18 de xullo de 2023, que di:

“**Expediente:** 2023/G006/000174

Asunto: Modificación de crédito modalidade suplemento de crédito financiado con Remanente de Tesourería para Gastos Xerais 2022. MC 17 2023 SC 03 2023.

PROPOSTA DE ALCALDÍA

De conformidade co disposto nos artigos 35 a 38 do RD 500/90, de 20 de abril, e no 177 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo RDL 2/2004, de 5 de marzo, son suplementos de crédito aquelas modificacións do orzamento de gastos mediante as que se asigna crédito para realizar un gasto específico e determinado que non pode demorarse até o exercicio seguinte e para o que o crédito previsto resulta insuficiente e non pode ampliarse. As anteditas modificacións pódense financiar, entre outros recursos, con cargo ao Remanente de Tesourería para Gastos Xerais.

Visto que no expediente da liquidación do orzamento de 2022, aprobado mediante resolución da Alcaldía nº 65/2022, do 08 de febreiro de 2022, resultou unha cantidade de remanente de tesourería para gastos xerais por un total de 1.857.949,93 euros.

Visto que os gastos propostos para os cales se propón a modificación, e que non poden demorarse ata o exercicio seguinte e para o crédito previsto é insuficiente (suplemento de crédito) son os que se sinalan deseguido:

PARTIDA	DENOMINACIÓN	TIPO	IMPORTE (en €)	DESCRICIÓN	
337	62500	Instalacións de ocupación do tempo libre. Mobiliario	SC	3.993,00	Fabricación e colocación de plataforma no Chiringuito.
341	22799	Protección e fomento do deporte. Outros traballos realizados por outras empresas	SC	80.000,00	Monitorado e realización de cursos deportivos.
342	63200	Instalacións deportivas. Edificios e outras construcións	SC	12.581,58	Obras de mellora nos vestiarios do polideportivo
342	63200	Instalacións deportivas. Edificios e outras construcións	SC	14.692,04	Renovación da fontanería nos vestiarios do polideportivo
334	22799	Promoción cultural. Outros traballos realizados por outras empresas	SC	70.000,00	Realización de diversas actividades culturais ao longo do ano.
338	22799	Festas populares e festexos. Outros traballos realizados por outras empresas	SC	170.000,00	Actos para a celebración das festas do municipio
454	61900	Camiños veciñais. Reposición infraestruturas	SC	10.000,00	Desbroce camiños rurais
TOTAL				361.266,62	

Visto que o presente expediente de suplemento de crédito finánciase mediante o Remanente Líquido de Tesouraría para gastos xerais derivado da Liquidación do Orzamento de 2022, por importe total de 220.000,00 euros.



Visto o informe favorable de Intervención de data 18 de xullo de 2023.

En virtude do disposto no artigo 8º das Bases de Execución do Orzamento, propónse ao Pleno da Corporación, a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO. Aprobar provisionalmente o expediente de modificación orzamentaria, segundo o seguinte desglose:

MODIFICACIÓNS NO ESTADO DE GASTOS

PARTIDA		DENOMINACIÓN	TIPO	IMPORTE (en €)	DESCRICIÓN
337	62500	Instalacións de ocupación do tempo libre. Mobiliario	SC	3.993,00	Fabricación e colocación de plataforma no Chiringuito.
341	22799	Protección e fomento do deporte. Outros traballos realizados por outras empresas	SC	80.000,00	Monitorado e realización de cursos deportivos.
342	63200	Instalacións deportivas. Edifícios e outras construcións	SC	12.581,58	Obras de mellora nos vestiarios do polideportivo
342	63200	Instalacións deportivas. Edifícios e outras construcións	SC	14.692,04	Renovación da fontanería nos vestiarios do polideportivo
334	22799	Promoción cultural. Outros traballos realizados por outras empresas	SC	70.000,00	Realización de diversas actividades culturais ao longo do ano.
338	22799	Festas populares e festexos. Outros traballos realizados por outras empresas	SC	170.000,00	Actos para a celebración das festas do municipio
454	61900	Camiños veciñais. Reposición infraestruturas	SC	10.000,00	Desbroce camiños rurais
TOTAL				361.266,62	

MODIFICACIÓNS NO ESTADO DE INGRESOS

CONCEPTO	DENOMINACIÓN	IMPORTE (en €)
870.00	Remanente para financiamento de gastos xerais 2022	361.266,62
	TOTAL	361.266,62

SEGUNDO. Que se expoña ao público polo prazo de 15 días hábiles, a efectos de reclamacións, de acordo co preceptuado no artigo 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

TERCEIRO. Que no suposto de non presentarse reclamacións contra o mesmo considerárase definitivamente aprobada a modificación, en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.”

Aberto o turno de intervencións non se produce ningunha.

Polo Sr. Presidente sométese a consideración do Pleno a ratificación da inclusión da proposta na orde do día, de conformidade co previsto no artigo 82.3 do ROF, resultando APROBADA a súa inclusión por nove (9) votos a favor, do PSdeG-PSOE (5) e do BNG (4), e catro (4) abstencións do PP.



O Concello Pleno, en votación ordinaria, por nove (9) votos a favor, do PSdeG-PSOE (5) e do BNG (4), e catro (4) abstencións do PP, ACORDA: APROBAR a proposta de Alcaldía nos termos no que quedou transcrita.

3. DAR CONTA DA DESIGNACIÓN DE MEMBROS DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS

O Concello Pleno, en sesión extraordinaria realizada o 13 de xullo de 2023, adopta acordo polo que se crean as Comisións Informativas permanentes da Corporación Municipal e se determina a composición das mesmas.

Pola Secretaria municipal informase que de acordo co establecido no artigo 125 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e vistos os escritos presentados polos voceiros do Grupo Municipal do PP en data 19 de xullo de 2023, do Grupo Municipal do PSdG-PSOE en data 19 de xullo de 2023 e do Grupo Municipal do BNG en data 24 de xullo de 2023, nos que se indica a adscrición concreta a cada Comisión Informativa dos membros da Corporación que forman parte das mesmas en representación de cada grupo político municipal, as Comisións Informativas permanentes da Corporación municipal quedan constituídas polos seguintes Concelleiros:

Comisión Informativa de Plenos:

Presidente: Sr. Alcalde D. Pablo Diego Moreda Gil (PSOE)

- D. Ismael Durán Bereijo (PSOE)
- D^a Lucía Picos Aneiros (PSOE)

SUPLENTES:

- D. Jesús Romero Carracelas (PSOE)
- D^a Carmela Prieto Cal (PSOE)

- D. Xulio Cribeiro García (PP)
- D^a María Luz Leonardo Aneiros (PP)

SUPLENTES:

- D. Pablo Nebril López (PP)
- D^a Olga Iglesias Bereijo (PP)

- D^a Manuela López Rodríguez (BNG)
- D. José Antonio Rodríguez Arribe (BNG)

SUPLENTES:

- D^a María José Pernas Díaz (BNG)
- D. Noel López López (BNG)

Comisión Informativa de Urbanismo:

Presidente: Sr. Alcalde D. Pablo Diego Moreda Gil (PSOE)

- D. Ismael Durán Bereijo (PSOE)
- D^a Carmela Prieto Cal (PSOE)

SUPLENTES:

- D^a Lucía Picos Aneiros (PSOE)
- D. Jesús Romero Carracelas (PSOE)

- D. Xulio Cribeiro García (PP)
- D. Pablo Nebril López (PP)



SUPLENTES:

- D^a María Luz Leonardo Aneiros (PP)
- D^a Olga Iglesias Bereijo (PP)

- D^a Manuela López Rodríguez (BNG)
- D. José Antonio Rodríguez Arribe (BNG)

SUPLENTES:

- D^a María José Pernas Díaz (BNG)
- D. Noel López López (BNG)

Comisión Especial de Contas:

Presidente: Sr. Alcalde D. Pablo Diego Moreda Gil (PSOE)

- D. Ismael Durán Bereijo (PSOE)
- D^a Carmela Prieto Cal (PSOE)

SUPLENTES:

- D^a Lucía Picos Aneiros (PSOE)
- D. Jesús Romero Carracelas (PSOE)

- D. Xulio Cribeiro García (PP)
- D^a Olga Iglesias Bereijo (PP)

SUPLENTES:

- D. Pablo Nebril López (PP)
- D^a María Luz Leonardo Aneiros (PP)

- D^a Manuela López Rodríguez (BNG)
- D. José Antonio Rodríguez Arribe (BNG)

SUPLENTES:

- D^a María José Pernas Díaz (BNG)
- D. Noel López López (BNG)

O Pleno queda enterado.

4. DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA ADOPTADAS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA

En cumprimento do disposto no artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por RD 2568/1986, a Alcaldía-Presidencia procede a dar conta das Resolucións adoptadas desde a realización da última sesión plenaria con carácter ordinario, aos efectos de control e fiscalización dos órganos previstos no artigo 22.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Nº DECRETO	ASUNTO
000245/2023	CONVOCATORIA DA COMISIÓN SELECCIONADORA, NOMEAMENTO DE COMISIÓN SELECCIONADORA E DATA DO PROCESO SELECTIVO DE 3 PEÓNS E 2 LIMPADORES/AS-RISGA 2023
000246/2023	DELEGACIÓN NO CONCELEIRO MANUEL MARTÍNEZ LÓPEZ PARA CELEBRACIÓN DE MATRIMONIO CIVIL
000247/2023	CONTRATACIÓN DE DUAS AUXILIARES DE AXUDA NO FOGAR MEDIANTE CONTRATOS DE DURACIÓN DETERMINADA SEGUNDO O ESTABLECIDO NO ARTIGO 15 DO REAL DECRETO LEXISLATIVO 2/2015, DO 23 DE OUTUBRO, POLO QUE SE APROBA O TEXTO



	REFUNDIDO DA LEI DO ESTATUTO DOS TRABALLADORES.
000248/2023	XUSTIFICACION DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL CONCEDIDA NO DECRETO 145/2023 DO 28.03.2023
000249/2023	SOLICITUDE DE AXUDA MUNICIPAL DE EMERXENCIA SOCIAL PARA NECESIDADES BASICAS DE SUBSISTENCIA (VESTIDO E GTOS SANITARIOS E FARMACEUTICOS)
000250/2023	SOLICITUDE DE COPIA DAS ACTAS DO PLENO DO CONCELLO DE CEDEIRA DE SETEMBRO E OUTUBRO DO 2021
000251/2023	RECOÑECEMENTO DE TRIENIO POLOS SERVIZOS PRESTADOS POLA AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR DONA LUISA ESTEVEZ RODRÍGUEZ
000252/2023	GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS EXTRAORDINARIOS A FUNCIONARIA DONA MONTSERRAT PÉREZ GARROTE PARA FACER 99 NOTIFICACIÓNS AOS ELECTORES QUE RESULTARON DESIGNADOS MEMBROS DE MESAS ELECTORAIS PARA O VINDEIRO PROCESO ELECTORAL DO 28 DE MAIO DE 2023.
000253/2023	NOMEAMENTO DE SECRETARIA ACCIDENTAL PARA O DÍA 12.06.2023
000254/2023	ACORDO DE AGRUPACIÓN DOS CONCELLOS DE CARIÑO, CEDEIRA, CERDIDO, MAÑÓN E ORTIGUEIRA PARA A SOLICITUDE DA SUBVENCIÓN DO PROGRAMA DE APOIO AO CENTRO DE INFORMACIÓN Á MULLER 2023
000255/2023	SOLICITUDE DA TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE
000256/2023	SOLICITUDE DE EXPEDICION DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE
000257/2023	NOMINA MES DE MAIO DE 2023
000258/2023	TRAMITACIÓN DE DECRETOS
000259/2023	MODIFICACIÓN DO DECRETO 379/2020 DE 17 DE XULLO DE 2020 EN CANTO AO PERSOAL QUE REALIZARÁ AS FUNCIÓNS DE SECRETARÍA DA MESA DE CONTRATACIÓN, XESTIÓN DA LICITACIÓN ELECTRÓNICA MUNICIPAL A TRAVÉS DA PCSP E PREPARACIÓN E ELABORACIÓN DE BORRADORES DE PREGOS DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES
000260/2023	APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA FINAL CORRESPONDENTE Á SEGUNDA ANUALIDADE DA SUBVENCIÓN DO PLAN DE MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS DE ACCESO A PARCELAS AGRÍCOLAS 2022-2023, DA AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL
000261/2023	TRAMITACIÓN DE DECRETOS
000262/2023	REINTEGRO IMPORTE NON XUSTIFICADO DA SUBVENCIÓN TR351F RISGA 2022/000034-1
000263/2023	APROBACION PUNTOS DE LUZ ANO 2021 E 2022
000264/2023	CONTRATO MENOR DE SUBMINISTRO E COLOCACIÓN DE CHAPA TRASLÚCIDA PARA UNHA PARTE DA CUBERTA DO POLIDEPORATIVO MUNICIPAL
000265/2023	CONTRATO MENOR DE SUBMINISTRO DE MÁQUINA HIDROLIMPADORA PARA O SERVIZO DE MANTEMENTO MUNICIPAL
000266/2023	CONTRATO MENOR E SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DE ARQUETAS DE FORMIGÓN E CANALIZACIÓN ELÉCTRICA PARA AS PISTAS DE PADEL ANEXAS AO POLIDEPORATIVO
000267/2023	CONTRATO MENOR DE SUBMINISTRO DE MATERIAL PARA REFORMA ELÉCTRICA NA CAFETERÍA DO PASEO MARÍTIMO
000268/2023	BASES REGULADORAS SUBVENCIÓNS LIBRE CONCORRENCIA SOCIOCULTURAIS 2023
000269/2023	SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL PARA NECESIDADES BASICAS DE SUBSISTENCIA (ALIMENTACION)
000270/2023	TRAMITACIÓN DE DECRETOS
000271/2023	APROBACIÓN DA BOLSA DE TRABALLO PARA REALIZAR CONTRATACIÓNS LABORAIS TEMPORAIS OU NOMEAMENTOS INTERINOS COMO ADMINISTRATIVO/A.
000272/2023	CONTRATO MENOR DE SERVIZO DE MAN DE OBRA PARA A INSTALACIÓN DE FONTANERÍA NA CAFETERÍA DO PASEO MARÍTIMO
000273/2023	ACEPTACIÓN DA AXUDA CONCEDIDA PARA A “SUSTITUCIÓN DE CALDERAS DE GAS POR BIOMASA EN PISCINA MUNICIPAL DE CEDEIRA” AO ABEIRO DA CONVOCATORIA



	DE SUBVENCION DA VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES PARA A DISTRIBUCIÓN DO FONDO ADICIONAL AO FONDO DE COOPERACIÓN LOCAL A CONCELLOS CON POBOACIÓN INFERIOR A 15.000 HABITANTES. PR486B
000274/2023	TRAMITACIÓN DE DECRETOS
000275/2023	SOLICITUDE DA TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE
000276/2023	NOVA CONVOCATORIA DA COMISIÓN SELECCIONADORA, NOMEAMENTO DE COMISIÓN SELECCIONADORA E DATA DO PROCESO SELECTIVO DE 1 PEÓN E 1 LIMPADORES/AS-RISGA 2023
000277/2023	LISTAS DEFINITIVAS DE ADMITIDOS/AS PARA A SELECCIÓN DE PEÓNS AO ABEIRO DO PROGRAMA DE INTEGRACIÓN LABORAL DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA NO CONCELLO DE CEDEIRA. PEL CONCELLOS 2023
000278/2023	APROBACIÓN DO PLAN DE SEG. E SAÚDE DA OBRA DE SUBSTITUCIÓN DO PAVIMENTO DO POLIDEPORTIVO MUNICIPAL
000279/2023	DECRETO ARQUEO EXTRAORDINARIO 16-06-2023
000280/2023	SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL PARA GASTOS RELACIONADOS COA VIVENDA
000281/2023	SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL PARA GASTOS RELACIONADOS COA VIVENDA E NECESIDADES BASICAS DE SUBSISTENCIA
000282/2023	ORDEN DE EJECUCIÓN INMUEBLE EN MAL ESTADO EN CAMIÑO REAL A MAGDALENA 63.
000283/2023	PELIGRO DERRUMBE PARED MEDIANERA CON RIESGO DE DESPRENDIMIENTO EN RÚA MARIA MEDIADORA 4- REF. POLICIA: IV 71
000284/2023	NOMEAMENTO DE DONA IRIS PITA LEONARDO COMO FUNCIONARIA INTERINA PARA O POSTO DE ADMINISTRATIVA, CÓDIGO 15022AD-02, ADSCRITO O DEPARTAMENTO DE ADMINISTRACIÓN XERAL
000285/2023	CONVOCATORIA PLENO EXTRAORDINARIO DO 14.06.2023
000286/2023	CONTRATO MENOR DE SERVIZOS DE DIRECCIÓN DE OBRA E COORDINADOR DE SEGURIDADE E SAÚDE PARA A OBRA DE AMPLIACIÓN DA REDE DE SANEAMENTO EN AS PONTIGAS
000287/2023	NÓMINA EXTRAORDINARIA XUÑO 2023
000288/2023	ANULADO POR ERRO NO SEU CONTIDO
000289/2023	APROBACION BASES SELECCION USUARIOS CAMPAMENTO URBANO DE VERÁN 2023
000290/2023	LEVANTAMIENTO DE REPARO Y APROBACIÓN RELACIÓN FACTURAS F/2023/29
000291/2023	CONVOCATORIA SESIÓN EXTRAORDINARIA 17.06.2023 CONSTITUCIÓN DA CORPORACIÓN E ELECCIÓN ALCALDE/ALCALDESA
000292/2023	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 9950000029049 RESOLUCIÓN SANCIONADORA RESOLUCIÓN SANCIONADORA
000293/2023	CONTRATO MENOR DE SERVIZO DE INSTALACIÓN DA MODIFICACIÓN DA SAÍDA DA VÍA FERRATA SENDA DO SANTO
000294/2023	APORTACIÓN GRUPOS POLÍTICOS ATA O 16 DE XUÑO DO ANO 2023 EN CANTO AO GRUPO E AO NÚMERO DE CONCELLEIROS
000295/2023	LEVANTAMIENTO REPARO Y APROBACION RELACION FACTURAS F/2023/30
000296/2023	APROBACION PADRONS 2023
000297/2023	CORRECCIÓN DE ERRO NAS BASES DE SELECCIÓN DOS PARTICIPANTES NO CAMPAMENTO DE VERÁN 2023
000298/2023	CONTRATACIÓN TEMPORAL DE PERSOAS PERCEPTORAS DA RISGA UNHA VEZ CONCEDIDA SUBVENCIÓN POLA CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE DA XUNTA DE GALICIA. EXPEDIENTE TR351F2023/000041-1
000299/2023	NOMEAMENTO SECRETARIA ACCIDENTAL
000300/2023	APROBACION PADRON LIXO 2023



000301/2023	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 99500000029074 ACUERDO INICIO ACUERDOS DE INICIO
000302/2023	REINCORPORACIÓN AO RÉXIME DE TRABALLO PRESENCIAL
000303/2023	APROBACION RELACION FACTURAS F/2023/31 (TAXAS)
000304/2023	PAGO HORAS EXTRA VICTORIA GÓMEZ FUSTES
000305/2023	CONVOCATORIA PLENO EXTRAORDINARIO 26.06.2023
000306/2023	REMISION DA OFERTA AO SERVICIO PUBLICO DE EMPREGO PARA A CONTRATACION LABORAL TEMPORAL DE SOCORRISTAS PARA O SERVIZO DE PROTECCION E MANTENIMENTO DE PRAIAS.
000307/2023	INCOACIÓN DE EXPEDIENTES PARA BAIXA DE OFICIO NO PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES
000308/2023	APROBACIÓN DO PLAN SEG. E SAÚDE, PROGRAMA DE TRABALLO E PLAN DE RESIDUOS DA OBRA DE AMPLIACIÓN DA REDE DE SANEAMENTO EN AS PONTIGAS
000309/2023	CONTESTACIÓN Á SOLICITUDE PRESENTADA POR D. JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ ARRIIBE, VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG), NA DATA 20.06.2023
000310/2023	ANULACION RECIBOS LIXO 253000723818 E 253000723820
000311/2023	ASISTENCIAS CONCELEIROS MAIO 2023
000312/2023	GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS EXTRAORDINARIOS AO FUNCIONARIO INTERINO DON JESÚS PITA LEONARDO PARA TRANSCRICIÓN DAS ACTAS DOS PLENOS QUE SE ATOPAN PENDENTES SEGUNDO INFORME DA SECRETARÍA XERAL DESTE CONCELLO EMITIDO CON DATA 10 DE MAIO DE 2023.
000313/2023	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 99500000029101 ACUERDO INICIO ACUERDOS DE INICIO
000314/2023	XUSTIFICACIÓN ANUALIDADE 2023 SUBVENCIÓN PARA GASTOS DE FUNCIONAMENTO DE ESCOLAS DE MÚSICA DE CEDEIRA 2020-2023
000315/2023	XUSTIFICACION DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL CONCEDIDA NO DECRETO 222/2023 DO 05.05.2023
000316/2023	DELEGACIÓN NO CONCELEIRO JESÚS ROMERO CARRACELAS PARA CELEBRACIÓN DE MATRIMONIO CIVIL
000317/2023	ALTA DA ASOCIACIÓN DE AXUDA SOCIAL CEDEIRA EN PÉ NO REXISTRO MUNICIPAL DE ASOCIACIÓNS VECIÑAIS
000318/2023	NOMINA XUÑO 2023
000319/2023	CONTRATO MENOR DE SERVICIO DE LIMPEZA DE PRAIAS
000320/2023	CONTRATO MENOR DE SERVIZOS DE TÉCNICO DEPORTIVO DURANTE SEIS MESES
000321/2023	LEVANTAMIENTO REPARO Y APROBACIÓN RELACIÓN DE FACTURAS F/2023/32
000322/2023	CONTRATACION DE CATRO PEONS AO ABEIRO DO PROGRAMA DE INTEGRACIÓN LABORAL EXPEDIENTE 2023000011457 MEDIANTE EXECUCIÓN DE OBRAS E SERVIZOS MÍNIMOS MUNICIPAIS SUBVENCIÓN POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA. PROGRAMA PEL CONCELLOS 2023.
000323/2023	CONTRATO MENOR DE SERVICIO DE MAN DE OBRA PARA A DEMOLICIÓN DE CUBERTA EN ESCOLAR DE SISALDE CON SUBMINISTRO DE FORMIGÓN PARA NOVO FORXADO
000324/2023	CONTRATO MENOR DE SUBMINISTRO DE MATERIAIS PARA REFORMAR A CUBERTA DO ESCOLAR DE SISALDE
000325/2023	CONTRATO MENOR DE SERVICIO DE IMPERMEABILIZACIÓN DE CUBERTA DO ESCOLAR DE SISALDE
000326/2023	SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL PARA NECESIDADES BASICAS DE SUBSISTENCIA (ALIMENTO)
000327/2023	CONTRATO MENOR DE SERVICIO DE MAN DE OBRA PARA A SUBSTITUCION DA CUBERTA DO ESCOLAR DE SISALDE
000328/2023	LEVANTAMIENTO REPARO Y APROBACIÓN RELACIÓN FACTURAS F/2023/33
000329/2023	CONCESIÓN DE PERMISO SEN SOLDADO A FUNCIONARIA DE CARREIRA DONA ELENA



	PAZOS VILELA DO 10 AO 26 DE XULLO DE 2023
000330/2023	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 99500000029160 ACUERDO INICIO ACUERDOS DE INICIO
000331/2023	CONTRATACIÓN DOS ESPECTÁCULOS INCLUIDOS NA REDE CULTURAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL 2023
000332/2023	CONVOCATORIA DA COMISIÓN SELECCIONADORA E DATA DO PROCESO SELECTIVO DE SOCORRISTAS PARA O SERVIZO DE PROTECCION E MANTEMENTO DE PRAIAS
000333/2023	CONTRATO MENOR DE SUBMINISTRO DE CONTENEDORES DE PAPEL CARTÓN
000334/2023	CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE TRES AUXILIARES DE POLICÍA LOCAL PARA 2023 POR CIRCUNSTANCIAS DA PRODUCCIÓN DENDE O 8 DE XULLO AO 7 DE NOVEMBRO DE 2023.
000335/2023	MODELOS AEAT 111 E 303 DO SEGUNDO TRIMESTRE DE 2023
000336/2023	CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DUNHA TÉCNICA E TRES PEÓNS AO ABEIRO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE CEDEIRA PARA O FONDO DE COMPENSACIÓN AMBIENTAL 2023, DE FORMA INDIVIDUAL E MEDIANTE O SISTEMA DE XESTIÓN COMPARTIDA, DESTINADAS A ENTIDADES LOCAIS DE GALICIA (DOG NÚM. 19, DO 27 DE XANEIRO).
000337/2023	RESOLUCIÓN DECLARACIÓN INEFICACIA - COMUNICACIÓN PREVIA DE INICIO ACTIVIDADE MARIIA KARSANASHVILI (2022/U019/000003)
000338/2023	OBRA DE MELLORAS NA MOBILIDADE PEONIL E NA REDE DE DRENAXE NA RÚA REGUEIRO
000339/2023	CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE DÚAS PERSOAS COMO INFORMADORAS/ES DE TURISMO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS 2023
000340/2023	RESOLUCIÓN DECLARACIÓN INEFICACIA NOVA ACTIVIDADE CLASES DE YOGA EN RÚA VALDOVIÑO Nº1 DE NANCY GÓMEZ ROODENBURG.
000341/2023	CONFORMIDADE COA APLICACIÓN DA MAIOR ACHEGA PROVINCIAL ASIGNADA PARA O POS+ADIC 2/2023
000342/2023	CONTRATACIÓN DE TRES TRABALLADORES/AS DESEMPREGADOS/AS COA OCUPACIÓN DE BAÑISTAS - SOCORRISTAS POR UN PERÍODO DE DOUS MESES PARA O DESENVOLVEMENTO DO SERVIZO DE PROTECCIÓN E MANTEMENTO DE PRAIAS 2023.
000343/2023	NOMEAMENTO DE DONA MARIA DEL MAR CASTRO VIGO COMO FUNCIONARIA INTERINA COA CATEGORÍA DE AUXILIAR ADMINISTRATIVA PARA OCUPAR DE FORMA INTERINA A PRAZA NOS SERVIZOS XERAIS DO CATÁLOGO DE POSTOS DE TRABALLO DO CONCELLO DE CEDEIRA QUE FIGURA CO CÓDIGO 15022AXAD-02 POR GOZE DE PERMISO SEN SOLDADO E VACACIÓNS DA TITULAR DA MESMA
000344/2023	SOLICITUDE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL
000345/2023	CONSTITUCIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL E DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS
000346/2023	NOMEAMENTO DE CONCELLEIROS-DELEGADOS
000347/2023	NOMEAMENTO DE TENENTES DE ALCALDE
000348/2023	CONVOCATORIA PLENO EXTRAORDINARIO 13.07.2023
000349/2023	LEVANTAMIENTO REPARO Y APROBACIÓN RELACIÓN FACTURAS F/2023/34
000350/2023	LEVANTAMIENTO REPARO Y APROBACION RELACION FACTURAS F/2023/35 (GAS NATURAL)
000351/2023	REMISION DA OFERTA AO SERVICIO PUBLICO DE EMPREGO PARA A CONTRATACION LABORAL TEMPORAL DE TRES AUXILIARES DE AXUDA NO FOGAR
000352/2023	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 99500000029222 ACUERDO INICIO ACUERDOS DE INICIO
000353/2023	VERIFICACIÓN TRIBUTARIA TAXA ACTUACIÓNS URBANÍSTICAS (MODIFICACIÓN DE LICENCIA DE OBRAS. EXP 2022/U022/000022)
000354/2023	CONTRATO MENOR DE SUBMINISTRO DE XOGO DE TATAMI PUZLE REVERSIBLE
000355/2023	CONTRATO MENOR DE SUBMINISTRO DE 2 UDS. MARCADORES DE POSESIÓN PARA CANASTAS DE BALONCESTO



000356/2023	CONTRATO MENOR DE SUBMINISTRO E COLOCACIÓN DE 56 UDS. ASIENTOS PARA GRADERÍO DO CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL
000357/2023	CONTRATO MENOR DE SUBMINISTRO DUN XOGO DE CANASTAS DE MINIBASKET E MATERIAL COMPLEMENTARIO PARA O POLIDEPORTIVO MUNICIPAL
000358/2023	CONTRATO MENOR DE SUBMINISTRO DUN XOGO DE CANASTAS DE BALONCESTO E MATERIAL COMPLEMENTARIO PARA O POLIDEPORTIVO MUNICIPAL
000359/2023	REMISION DA OFERTA AO SERVICIO PUBLICO DE EMPREGO PARA A CONTRATACION LABORAL TEMPORAL DUN SOCORRISTA PARA O SERVIZO DE PROTECCION E MANTEMENTO DE PRAIAS
000360/2023	SOLICITUDE Á CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL DE TRANSFERENCIA FINALISTA PARA O COFINANCIAMENTO DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL PARA O ANO 2023. QUE SUBSTITUE AO DECRETO NÚM.:139/2023 DO 24.03.2023
000361/2023	APROBACIÓN DAS BASES ESPECÍFICAS PARA NOVA AMPLIACIÓN DA BOLSA DE TRABALLO PARA REALIZAR CONTRATACIÓNS LABORAIS TEMPORAIS OU NOMEAMENTOS INTERINOS PARA A BRIGADA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS
000362/2023	SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL PARA GASTOS SANITARIOS
000363/2023	CONTRATO MENOR DE SERVIZO DE XOGOS DE AUGA -DESLIZADORES XIGANTES- NA PRAZA DA CONSTITUCIÓN
000364/2023	CONTRATO MENOR DE SERVIZOS DE ACTIVIDADES ACUÁTICAS DE ANIMACIÓN NA PRAIA DE AREALONGA
000365/2023	LIQUIDACIÓN DE ICIO EXP 2022/UU022/000034
000366/2023	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 99500000029289 ACUERDO INICIO ACUERDOS DE INICIO
000367/2023	DISPOSICIÓN DE GASTOS POR ASISTENCIAS A VARIOS PROCESOS PARA NA ANUALIDADE 2023 PARA BOLSAS DE TRABALLO PARA REALIZAR CONTRATACIÓNS LABORAIS TEMPORAIS OU NOMEAMENTOS INTERINOS E CONTRATACIÓN A TRAVÉS DE SUBVENCIONS
000368/2023	CONVOCATORIA DA COMISIÓN SELECCIONADORA E DATA DO NOVO PROCESO SELECTIVO DE SOCORRISTAS PARA O SERVIZO DE PROTECCION E MANTEMENTO DE PRAIAS
000369/2023	NOMEAMENTO DE BENIGNO PÉREZ GARCÍA COMO TESOUREIRO ACCIDENTAL DO 24/07/2023 AO 18/08/2023 POLA AUSENCIA DE Mª YOLANDA ARES BAO
000370/2023	CONVOCATORIA PLENO ORDINARIO 27.07.2023

O Pleno queda enterado.

5. MOCIÓNS DE URXENCIA

Pola Presidencia infórmase que se somete á consideración do Pleno, por razón de urxencia, as seguintes mocions:

5.1 APROBACIÓN DAS BASES DA SUBVENCIÓN PARA GASTOS DE FUNCIONAMENTO DE ESCOLAS DE MÚSICA DE CEDEIRA 2023-2026

Pola Secretaria dáse lectura á proposta de Alcaldía de data 25 de xullo de 2023, que di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA



ASUNTO: APROBACIÓN DAS BASES DA SUBVENCIÓN PARA GASTOS DE FUNCIONAMENTO DE ESCOLAS DE MÚSICA DE CEDEIRA 2023-2026

O Concello ven subvencionando en concorrencia competitiva o financiamento de Escolas de Música.

É intención do Concello continuar subvencionando os custos de funcionamento das escolas de Música de Cedeira en concorrencia competitiva para o cal, mediante providencia de Alcaldía de data 24 de xullo de 2023, iniciouse o procedemento para a aprobación das Bases da subvención para gastos de funcionamento de Escolas de Música de Cedeira para os anos 2023-2026.

Resultando que en data 24 de xullo de 2023, asínase por esta Alcaldía o borrador das Bases da convocatoria da referida subvención, en réxime de concorrencia competitiva, a que poderán optar todas as Asociacións Culturais Municipais rexistradas no Rexistro de Asociacións do Concello de Cedeira.

Visto o informe de Secretaría e de Intervención de data 24 de xullo de 2023.

Consta no expediente retención de crédito número 220230006709 emitida pola Intervención Municipal, na aplicación orzamentaria 334.489.00, por un importe de 11.500,00€ para o exercicio 2023.

Resultando que, a duración prevista da devandita subvención é de dous exercicios orzamentarios, prorrogados por outros dous anos, ata un máximo de catro anos. Trátase, polo tanto, dun gasto de carácter plurianual que, a vista dos importes da subvención para cada anualidade, supera as porcentaxes establecidas no artigo 174.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Resultando que, o apartado 5 de dito precepto establece que en casos excepcionais o Pleno da Corporación poderá ampliar o número de anualidades e aumentar as porcentaxes do apartado 3 deste artigo.

En base ao exposto, e ao abeiro do previsto no artigo 25.2.m da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, propono ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Aprobar o gasto para a convocatoria pública da subvención para gastos de funcionamento de escolas de música de Cedeira, por un total de 11.500,00€ para o exercicio 2023 na aplicación orzamentaria 334.489.00.

O total da convocatoria ascende a 138.000,00 € para os exercicios 2023 a 2026, segundo a distribución das anualidades que se recollen nas bases, autorizándose polo Pleno expresamente a superación das porcentaxes e anualidades establecidas no artigo 174.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo.

Segundo.- Aprobar as bases da subvención para gastos de funcionamento de escolas de música de Cedeira, que se incorporan como anexo a esta proposta.

Terceiro.- Publicar as bases no Boletín Oficial da Provincia, e remitir a información á Base Nacional de Datos de Subvencións (BNDS).

Cuarto. Delegar a resolución da convocatoria na Xunta de Goberno Local.

ANEXO



BASES DA SUBVENCIÓN PARA GASTOS DE FUNCIONAMENTO DE ESCOLAS DE MÚSICA DE CEDEIRA

1. Obxecto da subvención

O obxecto da convocatoria é subvencionar os gastos de funcionamento das escolas de música de Cedeira.

2. Beneficiarios e requisitos

Poden participar todas as asociacións culturais con sede neste municipio que estean inscritas no Rexistro de Asociacións do Concello de Cedeira no momento de presentación das solicitudes, e que non contraveñan as disposicións dos artigos 10 e 13 Lei Xeral 38/2003 de Subvencións e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

No caso de asociacións que foran beneficiarias de subvencións outorgadas en anos anteriores polo Concello de Cedeira, deberán telas debidamente xustificadas.

A participación pode facerse de xeito individual ou conxunto.

No caso de que varias asociacións presenten unha solicitude de forma conxunta, deberán asignar unha persoa representante para recadar a subvención e comunicarse co Concello.

3. Forma e lugar de presentación das solicitudes

As solicitudes deben presentarse a través da sede electrónica de conformidade co disposto nos artigos 14 e 16 da Lei 39/2005, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

4. Prazo de presentación das solicitudes

O prazo para presentar as solicitudes será de 15 días hábiles a partir do día seguinte á publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

5. Documentación necesaria para a presentación da solicitude.

1. Anexo I completado e asinado polo presidente/presidenta da asociación, achegando unha copia do DNI da persoa solicitante e unha copia do CIF da asociación.
2. Informe-proxecto de desenvolvemento curricular para aplicar na escola de música.
3. Proxecto de estrutura orgánica para a xestión e funcionamento da escola, na que se inclúa tanto o perfil económico como pedagóxico. Será un requisito obrigatorio prever a creación un organismo consultivo de participación que poida reunirse polo menos unha vez cada tres meses e no que estea representado o Concello de Cedeira, o persoal docente, estudantes e familias.
4. Orzamento detallado dos diferentes conceptos de gastos (persoal, subministración, material de oficina e didáctico, seguros, xestión, etc.) e previsión de ingresos.
5. Declaración xurada asinada pola persoa solicitante de que a Asociación non ten débedas co Concello de Cedeira, nin coa Administración de Finanzas ou Seguridade Social e de non contravir os artigos 10 e 13 da Lei Xeral 38/2003 de Subvencións e a Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia. (ANEXO II)

6. Criterios de avaliación das solicitudes

Valoraranse as propostas presentadas mediante o seguinte criterio por puntos e que se deberá acreditar mediante a presentación da documentación oportuna:

1. Informe-proxecto de desenvolvemento curricular. 5 puntos máximo
2. Proxecto de estrutura orgánica para a xestión e funcionamento da escola. 5 puntos máximo
3. Capacidade de financiación propia. 5 puntos máximo
4. Patrimonio da asociación (medios propios se instrumentos). 5 puntos máximo
5. Experiencia na xestión de actividades de formación musical. 5 puntos máximo
6. Propostas e iniciativas dirixidas a achegar a escola de música ao público. 5 puntos máximo



7. Compromiso de colaboracións coas actividades que desenvolve o Concello de Cedeira. 5 puntos máximo

8. Compromiso de utilizar o idioma galego nas actividades e difusión da escola de música. 5 puntos máximo

7. Importe da subvención

O importe da convocatoria ascende ás seguintes cantidades:

Exercicio	Importe subvención	Importe máx anticipo
2023	11.500 €	8.625 €
2024	46.000 €	34.500 €
2025	46.000 €	34.500 €
2026	34.500 €	25.875 €

A subvención final para o exercicio poderá cubrir ata o 100% do gasto executado.

8. Réxime de compatibilidade

A subvención concedida será incompatible con calquera outra subvención ou axuda para actividades ou inversións convocada polo Concello de Cedeira. Sen embargo, será compatible con outras subvencións solicitadas por outras entidades públicas ou privadas, sempre que os ingresos non excedan os gastos de funcionamento.

A entidade que recibe a subvención está obrigada a proporcionar os datos solicitados polo Concello.

9. Organismos competentes para a instrución e resolución do procedemento

As solicitudes presentadas serán avaliadas por un comité formado por:

- Concelleiro de Cultura
- Concelleira de Facenda
- AEDL
- Representante dos Servizos Económicos do Concello de Cedeira

A proposta de resolución, unha vez fiscalizada pola intervención municipal, levarase a Xunta de Goberno, que acordará a concesión ou denegación da subvención.

10. Prazos para a execución e xustificación da subvención.

Unha vez que a subvención foi concedida á asociación que obteña máis puntos, asinará un convenio co Concello de Cedeira no que se especificarán as obrigas e deberes de cada unha das partes.

A duración da subvención será de dos exercicios orzamentarios e poderá prorrogarse por cada exercicio orzamentario por un máximo de catro exercicios.

O prazo de execución de cada un dos exercicios será o ano natural, excepto o último, que será ata o 30 de xuño de 2026.

O prazo de xustificación será ata o 31 de xaneiro de cada exercicios, excepto no último exercicio que será ata o 31 de xullo de 2026. Aceptaranse xustificacións parciais durante todo o ano.

A xustificación se realizará mediante a presentación da documentación indicada a continuación na sede electrónica do Concello de Cedeira:

- Facturas relativas aos conceptos expresados nos xustificantes de gastos, que serán obrigatoriamente os que foran motivo da subvención, así como unha relación das mesmas. No caso de xustificar o gasto con nóminas, deberase presentar xustificante das transferencias respectivas e dos documentos correspondentes a seguridade social (TC1 e TC2)
- O beneficiario da subvención debe figurar obrigatoriamente como destinatario da factura.
- Xustificante bancario de pago. Solo se aceptarán pagos en efectivo cando o importe da factura sexa inferior a 100,00 € e sen que poida ser obxecto de fraccionamento.
- Memoria de realización da actividade.
- Balance de gastos de funcionamento.
- Certificado de ingresos da actividade, que incluírá a propia achega do Concello, matrícula e costas, así como outros ingresos da escola de e música asinados polo/a Secretario/a o/a Tesoureiro/a da entidade e co visto e prace do/a Presidente/a.

Unha vez xustificada correctamente a subvención concedida, a subvención será aprobada pola Xunta de Goberno Local para o seu pago ao certificado de número IBAN proporcionado.

11. Gatos subvencionables



Serán subvencionables os seguintes gastos de funcionamento da escola de música:

- Gastos de persoal da Escola de Música (persoal docente, conserxe e outro persoal directamente relacionado coa Escola de Música) e gastos administrativos de xestión (xestoría).
- Material de didáctico e material de oficina.
- Gastos de transporte e desprazamento.
- Gastos de mantemento e reparación das instalacións da Escola de Música, así como as subministracións de enerxía electrónica e comunicacións postais e telefónicas.
- Seguro de responsabilidade civil.
- Gastos de limpeza das instalacións.
- Gastos directos da organización de actividades relacionadas cos estudos de música (cursos, seminarios, concertos e similares).

En ningún caso serán subvencionables o importe de comidas ou atencións protocolarias de similar natureza, que do ser o caso, serán asumidos polos ingresos propios da asociación.

12. Abono anticipado

Poderanse realizar anticipos do 75% do importe total no primeiro trimestre da subvención obxecto de convenio, quedando condicionado o seu abono á correcta xustificación dos gastos do anticipo anterior. O importe restante pode adiantarse no seguinte trimestre a expensas da xustificación global presentada.

13. Control financeiro

As subvencións outorgadas polo Concello de Cedeira están suxeitas ao control financeiro por parte dos órganos competentes do Concello.

14. Regulación suplementaria

En todo o non previsto nestas bases, a concesión da subvención estará regulada polo disposto na Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, regulamento que a desenvolve, Lei 9/2007, de Subvencións de Galicia e Bases de execución do orzamento do Concello de Cedeira.

ANEXO I: SOLICITUD DE SUBVENCIÓN PARA GASTOS OPERATIVOS DE ESCUELAS DE MÚSICA CEDEIRA

1.-DETALLES DEL SOLICITANTE

DNI/NIE	
Data de nacemento	
Nome e apelidos	
Enderezo	
Teléfono	
Correo electrónico	

2.-DATOS CON FINES DE NOTIFICACIONES

DNI/NIE	
Data de nacemento	
Nome e apelidos	
Enderezo	
Teléfono	
Correo electrónico	

3.-DOCUMENTACIÓN PROPORCIONADA

- Fotocopia do DNI/NIE da persoa solicitante
- Fotocopia do C.I.F. da asociación.
- Memoria-proxecto de desenvolvemento curricular para a aplicar na Escola de Música.
- Proxecto de estrutura orgánica para a xestión e funcionamento da escola, que inclúa tanto o perfil económico como o pedagóxico.
- Orzamento detallado dos diferentes conceptos de gastos e previsión de ingresos.



- Declaración xurada asinada pola persoa solicitante de que a Asociación non ten débedas co Concello de Cedeira, nin coa Administración de Finanzas ou Seguridade Social e de non contravir os artigos 10 e 13 da Lei Xeral 38/2003 de Subvencións e a Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia. (ANEXO II)
- Certificado da conta bancaria para o ingreso da subvención.

Firmado

_____, _____ de _____ de 2023

ANEXO II: DECLARACIÓN RESPONSABLE

con DNI _____, e con dirección a efectos de notificación

1. **DECLARO RESPONSABLEMENTE**, en relación coa convocatoria da subvención para gastos de funcionamento de Escolas de Música de Cedeira que:

- Todos os datos que constan na solicitude e en todos os documentos achegados son certos.
- A Asociación que represento non incorre en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiaria da subvención establecidas nos apartados 2 y 3 do artigo 13 de la Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, e os apartados 2 y 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia e cumpre as condicións para ser beneficiaria de acordo co previsto na base segunda desta convocatoria.

2. **DECLARO RESPONSABLEMENTE**, en relación coa convocatoria da subvención para gastos de funcionamento de Escolas de Música de Cedeira que:

- A Asociación que represento non ten obrigas pendentes co Concello de Cedeira, nin coa Administración de Facenda nin coa Seguridade Social.

3. **ACEPTO** as actuacións de comprobación e seguimento que leve a cabo o Concello.

4. **AUTORIZO**, a efectos da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos persoais, que o Concello de Cedeira incorpore estes datos, ou aqueles dos que teña coñecemento como resultado da relación iniciada, a un ficheiro automatizado responsabilidade do Concello de Cedeira, que ten como finalidade cumprir as funcións que se realizarán dentro do proceso de trámite, xestión, concesión e pago encomendados pola Lei Xeral de Subvencións 38/2003 e as normas de desenvolvemento, así como para a xestión doutros servizos ou programas de iniciativa municipal do seu posible interese.

Tamén son consciente de que os datos proporcionados poden ser obrigatorios para a xestión e o a tramitación do expediente, e acepto o compromiso de comunicar no menor tempo posible ao Concello de Cedeira, calquera cambio nos datos expresados coa fin de poder proceder a súa actualización. A unidade tramitadora, a menos que se comunique o contrario, entenderá que os datos proporcionados son exactos e actuais.

A persoa representante legal asinante ou calquera outra parte interesada pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición da maneira legalmente prevista, enviando unha comunicación ao Concello de Cedeira.

5. **COÑEZO** as responsabilidades legais derivadas da falsidade nos documentos administrativos e, en particular, a existencia do reintegro da subvención máis os intereses de demora correspondentes, sen prexuízo da tramitación do correspondente expediente.

Firmado

_____, _____ de _____ de 2023”

Aberto o turno de intervencións o Sr. Alcalde di: Sentimos entregar tarde a proposta. Bueno, non é que a fixéramos tarde, levamos tempo traballando nisto. Estamos a dous meses das eleccións municipais, estivemos esperando a que pasaran. Despois, comezamos co novo grupo de goberno fai menos de 15 días e entre o traballo que se está facendo no Concello e en todo o que estamos traballando, fíxose o máis rápido posible. Quixemos levalo canto antes porque é fundamental telo aprobado inmediatamente para que saia a concurso para que a escola de música que sexa a que gañe este concurso poda traballar xa a inicios de curso que é o fundamental e máis importante. Ese foi o motivo da urxencia.

Polo Sr. Presidente sométese a consideración do Pleno a urxencia do asunto, resultando APROBADA por unanimidade dos membros presentes, e polo tanto, polo voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, incluíndose na orde do día.



O Concello Pleno, en votación ordinaria, por unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA: APROBAR a moción nos termos no que quedou transcrita.

5.2 DETERMINACIÓN DOS DÍAS FESTIVOS LOCAIS PARA O ANO 2024

Pola Secretaria dáse lectura á proposta de Alcaldía de data 27 de xullo de 2023, que di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Asunto: DETERMINACIÓN DOS DÍAS FESTIVOS LOCAIS PARA O ANO 2024

Con data 27.07.2023 (rex entrada nº 20230000002464) tivo entrada no rexistro do Concello un escrito da Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Emprego e Igualdade, no cal se comunica o calendario laboral para o ano 2024 na Comunidade Autónoma de Galicia, e así mesmo, se solicita o envío da proposta do pleno ou órgano competente, na que consten as datas concretas dos dous días de festa de carácter retribuído e non recuperable deste termo municipal para o vindeiro ano 2024, que deberá remitirse ao dito departamento territorial antes do día 1 de setembro de 2023.

Á vista da competencia do Pleno para o coñecemento ou aprobación destes días de festa, e considerando a conveniencia de que se manteñan os días escollidos tradicionalmente como festivos locais; 13 de xuño (San Antonio) e 26 de xullo (Santa Ana), propoño ao Concello Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Fixar como días de festa de carácter retribuído e non recuperable no ámbito deste termo municipal para o vindeiro ano 2024 os seguintes:

- 13 de xuño (San Antonio)
- 26 de xullo (Santa Ana)

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ao Servizo de Apoio ao Emprego, Emprendemento e Economía Social da Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Emprego e Igualdade.”

Aberto o turno de intervencións o Sr. Alcalde di: Como ben sendo habitual nos últimos anos, o que estamos a facer é escoller o día de Santa Ana e o día de San Antonio - se coinciden en días laborais - son os días que escollemos como festivos. Este ano coinciden un mércores e un venres, co cal aínda se pode facer unha ponte longa e, sobre todo, o día de Santa Ana que pode desfrutar aquela xente que ten que traballar o día 27.

Polo Sr. Presidente sométese a consideración do Pleno a urxencia do asunto, resultando APROBADA por unanimidade dos membros presentes, e polo tanto, polo voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, incluíndose na orde do día.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA: APROBAR a moción nos termos no que quedou transcrita.

5.3 SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á DEPUTACIÓN DA CORUÑA PARA A REALIZACIÓN DO CAMPIONATO GALEGO DE VOLEI PRAIA DE CATEGORÍAS INFERIORES, CIRCUÍTO NACIONAL DE VOLEI PRAIA E I CAMPUS DE VOLEI PRAIA VILA DE CEDEIRA



Pola Secretaria dáse lectura á proposta de Alcaldía de data 27 de xullo de 2023, que di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

ASUNTO: SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á DEPUTACIÓN DA CORUÑA PARA A REALIZACIÓN DO CAMPIONATO GALEGO DE VOLEI PRAIA DE CATEGORÍAS INFERIORES, CIRCUÍTO NACIONAL DE VOLEI PRAIA E I CAMPUS DE VOLEI PRAIA VILA DE CEDEIRA

O Concello de Cedeira aposta pola práctica deportiva a través do aproveitamento de todos os recursos dispoñibles. Neste senso, son varias as accións levadas a cabo para a mellora das instalacións para a práctica de deporte nos últimos anos.

Dende hai tempo o Concello traballa no aproveitamento da súa praia máis urbana, a praia da Madalena, para a práctica de deportes na area. O ano pasado adquiríronse equipamentos para a práctica deportiva na praia como novas porterías para fútbol praia, un xogo de petanca ou un xogo de redes de voleibol. Tendo en conta estes aspectos, quérese impulsar a celebración de tres actividades deportivas relacionadas co voleibol praia na vila de Cedeira. Por unha parte, a celebración do Campionato galego de voleibol praia para categorías inferiores (alevín, infantil, cadete e sub-19) tanto masculinas como femininas, no que achegar este deporte á mocidade e facer de Cedeira unha sede deportiva. Tamén a execución do I Campus Volei praia Vila de Cedeira durante o verán, co fin de promover esta disciplina entre a xente máis nova, nunha actividade que mestura o adestramento e o entretemento, os hábitos de vida saudables e un espazo no que interactuar entre iguais. E por último, a acollida da proba do Circuito Nacional de Volei Praia (catalogado con dúas estrelas), na que competirán as mellores parellas do ámbito nacional.

Para levar a cabo estas tres actividades deportivas, propónse o uso das instalación da praia da Madalena. Trátase dun amplo areal con forma de enseada duns 1.300 metros de extensión. É unha praia urbana de area fina e augas tranquilas, moi ben protexida dos ventos. Nas inmediacións, atópase o paseo marítimo que recorre a praia, zonas de descanso e un parque infantil. Ademais de ser unha praia céntrica, conta con gran cantidade de equipamentos: servizo de socorrismo, duchas, baños, zona de aparcadoiro e servizos de aloxamento e restauración moi próximos. Así, a praia da Madalena convértese nun espazo idóneo para a acollida deste tipo de eventos deportivos, dada a súa situación inmellorable en plena vila; a súa extensión, que garante a delimitación dun bo espazo para a práctica de eventos de voleibol praia, sen necesidade de privar a praia do seu uso habitual; a súa accesibilidade para favorecer a presenza dun maior número de asistentes, asegurando eventos inclusivos, e a gran cantidade de equipamentos cos que conta, que farán máis cómoda a estadia deportiva e a organización destes eventos.

A calendarización das actividades é a seguinte:

Campionato Galego de Volei Praia de categorías inferiores: Na fin de semana do 29 e 30 de xullo Cedeira acollería unhas das probas do Campionato Galego de Volei praia, no que preto de 250 rapaces e rapazas das categorías alevín, infantil, cadete e sub-19 tratarán de seguir sumando puntos para a clasificación final. Así, en colaboración coa Federación Galega de Voleibol Praia, a vila podería ser o espazo ideal para desempeñar unha das probas do campionato.



Circuíto Nacional de Volei Praia (** estrelas): O Circuíto Nacional de Volei Playa está composto por unha serie de torneos que configuran a tempada de voleibol praia en España. As probas deste circuíto serven aos seus participantes para puntuar de cara á clasificación nacional. Cada unha das competicións que conforman o Circuíto están organizadas en probas de tres, dúas e unha estrela en función das infraestruturas, os premios, o número de participantes e os puntos que concedan na clasificación nacional a cada xogador/a. Todas as probas comezan cunha fase de grupos que determinará as parellas que clasifican a cuartos de final, para dar paso ás semifinais e á final da competición. Así, mediante a presente proposta, promóvese a organización dunha das probas que conforman o circuíto, catalogada con dúas estrelas. Nesta proba as parellas do ámbito nacional desprazaranse a Cedeira para intentar facerse coa vitoria e sumar puntos de cara a clasificación final.

I Campus de Volei Praia Vila de Cedeira: Os campus deportivos son instalacións deportivas que se desenvolven especialmente nos períodos de vacacións para un público normalmente escolar. Son unha gran oportunidade para descubrir e iniciarse nunha disciplina deportiva. Nestes combínase o ocio, o exercicio físico e o adestramento, para comezar a andaina nun deporte concreto. A través do I Campus Volei praia Vila de Cedeira achegárase o volei praia aos rapaces e rapazas comprendidas entre os 10 e os 16 anos interesados en descubrir esta disciplina deportiva. Alí dividiranse en grupos segundo o nivel deportivo e desfrutarán de adestramentos impartidos por profesionais cualificados con títulos oficiais da RFEVB.

O obxecto da presente memoria é xustificar as razóns de interese público de carácter deportivo, social e económico e a excepcionalidade e singularidade do evento a realizar.

O importe necesario para a execución deste proxecto é de 47.455,00 € (IVE incluído). O concello de Cedeira comprométese a aportar a cantidade de 7.500,00 €, sendo por conta da Deputación da Coruña o importe restante do proxecto.

Polo exposto, proponse ao Pleno do Concello a adopción do seguinte **ACORDO:**

PRIMEIRO.- Solicitar a axuda económica á Deputación Provincial da Coruña para levar a cabo estas actuacións, no exercicio das competencias municipais de promoción do deporte e instalacións deportivas e ocupación do tempo de lecer, recoñecidas no artigo 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, mediante unha subvención nominativa, xa que a obra de reforma obxecto da presente memoria, non se atopa incluída dentro de ningunha liña de subvencións das que conta a Deputación na actualidade e ás que o concello de Cedeira puidera acollerse, facendo constar o interese público provincial da solicitude da subvención.”

Aberto o turno de intervencións o Sr. Alcalde di: Creo que a memoria explica todo, en que consiste este campus que se vai facer. Creo que é unha oportunidade fantástica para a nosa vila, para darlle visibilidade en verán a un deporte como é o voleibol, neste caso volei praia. Creo que - como di a memoria - temos as condicións idóneas para poderse facer. Estase a desenvolver en moitísimas cidades a nivel nacional, competindo con cidades ao nivel da Coruña. Creo que un campionato galego con 250 participantes, un campionato nacional de dúas estrelas, máis facer un campus, vainos dar esa visibilidade tan necesaria para seguir fomentando o turismo e o aspecto socioeconómico, a hostalería, o comercio e, sobre todo, seguir facendo de Cedeira unha vila deportiva e cultural que creo que é un exemplo. Dende Ribadeo ata A Coruña, que son os sitios máis coñecidos, un pobo que ten tantos deportistas e tantas actividades de calquera tipo. É un nivel increíble, unha ratio fantástica. Nós o que



intentamos é, das poucas horas que ten dispoñibles o Polideportivo municipal de Cedeira, intentar conseguir un deporte máis.

Polo Sr. Presidente sométese a consideración do Pleno a urxencia do asunto, resultando APROBADA por unanimidade dos membros presentes, e polo tanto, polo voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, incluíndose na orde do día.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA: APROBAR a moción nos termos no que quedou transcrita.

6. ROGOS E PREGUNTAS

Aberto o turno de rogos e preguntas o Sr. Alcalde di: Comezamos coas preguntas, se son varias, apuntámolos e se podemos xa as contestamos agora, senón no seguinte Pleno ordinario. Sr. Cribeiro, se vas a facer varias, prefería todas xuntas e logo, se podemos, contestalas.

O Sr. Cribeiro García di: E se mezclamos rogos e preguntas?

O Sr. Alcalde di: Prefiro primeiro preguntas e despois rogos. Se ao final queda algo pendente non hai ningún problema en volver a miralo.

O Sr. Cribeiro García di: A primeira pregunta é que o 29 de xuño de este ano presentouse por este grupo político unha petición para que nos asignasen un local no Concello para desenrolar a nosa actividade municipal e non tivemos resposta pola súa parte. Agradeceríamos, se fose posible, que axilizase esta solicitude.

Outra pregunta é se existe algún tipo de convenio de utilización do solar entre o Concello e a empresa ou persoa particular pola utilización do coñecido como “aparcamento de Gadis”? Sabe cantas multas se puxeron dende que estamos na Corporación a Policía Local nesa parcela?

Cando comezarán as obras na parte baixa do Palacete para a utilización do Centro de día?

En qué data finalizou o contrato do lixo? Cremos que existe na actualidade un pésimo servizo de recollida de lixo con coches, nalgún caso, de máis de 17 anos, con varias deficiencias que son un perigo para os traballadores. Con contedores rotos, sen tapas, sen rodas. Non existe unha limpeza habitual o que da malos olores ás casas e aos negocios.

Por último, referido a este tema, qué opinión ten vostede de que un Concelleiro do seu goberno, membro do PSOE, traballe na actualidade no servizo de recollida de lixo unha vez que saíu da política activa?

Cal é a data na que se comezan a aboar as adicacións exclusivas trala aprobación polo Pleno de Cedeira? Pódese ter unha adicación exclusiva e traballar noutro sitio ao mesmo tempo?

O Sr. Alcalde di: Creo que algunhas xa poden contestalas. En canto a o do local, tamén se pediu un por parte do BNG. Cedeira ten unha carencia moi grande de locais para asociacións. Hoxe en día carecemos de espazo suficiente para ter locais que podan incluso ser compartidos. Os partidos tamén debemos facer un pouco de autocritica cara a nós mesmos porque estamos recibindo unha subvención do Concello de Cedeira e con esa subvención o que se fai normalmente é pagar o local que alugamos, como por exemplo no noso caso, e outros gastos do local, así como tamén axúdanos a financiar parte dos gastos da campaña electoral.



En canto ó do convenio de utilización do aparcadoiro do Gadis, creo que llo poden preguntar ao Concelleiro que ten ó lado porque estaba no Concello cando se fixo ese documento. Nós cando chegamos xa estaba ese aparcadoiro en funcionamento. Así que poderá sabelo el. As multas nesa parcela, tería que consultalo, de memoria non o podo saber.

Palacete e centro de día: se a Xunta nos concede o do Centro de día estaría eu axudando a poñer a primeira pedra no Palacete. Creo que as cousas se teñen que facer pouco a pouco. Do Palacete hai un proxecto que é da recuperación das vigas e da tarima na planta baixa, na planta sótano. Hai un proxecto que está sen liña de financiamento que haberá que intentar meter nun Plan de Obras e Servizos da Deputación.

Data do contrato de recollida de lixo: o contrato está vencido, exactamente non lle podo dar agora a data, dareilla no seguinte Pleno. Estou totalmente de acordo en que o contrato está moi obsoleto, é un contrato que se fixo fai 17 ou 18 anos. Foi un contrato de moitos anos. Dende o grupo de goberno xa estamos traballando nuns novos pregos que foron contratados no mandato anterior. Cando teñamos o borrador non temos ningún problema en ensinalo ao PP. Estamos totalmente de acordo en que as máquinas e todos os camións teñen un deterioro moi grande. Estes días acabamos de mercar contedores para o cartón novos para poder seguir mellorando na recollida. O que temos agora que facer, aparte do contrato, é empezar a pensar en medidas que se podan facer por parte da veciñanza para mellorar o servizo, non da recollida, neste caso, senón da utilización dos contedores.

Despois, o do Sr. Pérez Riola, creo que xa vostede se contestou, se abandonou a política activa, pouco máis lle teño que dicir. Se abandonou a política é unha persoa que pode traballar onde desexe. Non me vou a meter eu na vida persoal de ninguén que non esté na política activa.

En canto ás adicacións exclusivas non pode traballar noutra cousa se está ao 100%. Se está a un tanto por cento de xornada pode traballar o outro tanto ata o total da xornada. Empezáronse a cobrar con carácter retroactivo aquelas persoas que eran concelleiras con adicación no anterior mandato e empezamos a cobrar dende o momento que se aprobou o outro día no Pleno.

O Sr. Alcalde di: Agora pasamos aos rogos.

O Sr. Cribeiro García di: O primeiro rogo é que o noso grupo político, representado hoxe aquí polos catro Concelleiros presentes, cando exista algún tipo de acto institucional, sexamos informados oficialmente. Non cremos que teñamos que enterarnos por medios alleos se existe algún tipo de acto.

O Sr. Alcalde di: Cal foi, perdón?

O Sr. Cribeiro García di: Non vou a entrar porque foi un tema de redes sociais

O Sr. Alcalde di: Ah, vale. Estou totalmente de acordo, se é un acto institucional non hai ningún problema. Se é polo tema do día de Santa Ana, non sei se é por iso, pola celebración da misa.

A Sra. Prieto Cal di: Eu creo que foi polo día 25.

O Sr. Alcalde di: Se foi polo día 26, no ano 2015, cando entramos no grupo de goberno, fixemos unha invitación a todos os Concelleiros e o anterior portavoz do Partido Popular, o Sr. Luís Rubido, díxonos que non debiamos facer dende o Concello unha invitación á eucaristía que era algo que tiña que organizar a Igrexa. Por iso, dende ese momento, decidimos que non íamos facer invitacións. Eu non teño ningún problema. A min, por exemplo, cando foi o Carmen de Foz fixéronme unha invitación de



Alcaldía, aínda me chegou agora. Nos actos institucionais si que é verdade que hai que facer unha invitación.

O Sr. Cribeiro García di: Outro rogo, cremos que sería necesario que o Concelleiro de Obras, dende o noso punto de vista, estea na Comisión Informativa de Urbanismo.

O Sr. Alcalde di: Esa é unha decisión do grupo socialista.

O Sr. Cribeiro García di: Si, si. Esa é a nosa opinión. Para que quede constancia, sen máis.

O Sr. Rodríguez Arribe di: Eu teño un rogo que teño que facer en referencia a sucesos anteriores ao día de hoxe porque se produciron moitas desinformacións e trampas de corta-pega, aderezada con animacións - moi malas, por certo - que o Partido Popular de Cedeira fixo nas redes sociais aludindo aos Concelleiros do BNG e cumpría puntualizalas. Por iso, publicamos o manifesto “A verdade”, para que o pobo de Cedeira teña unha información veraz e exenta das fantasías do Sr. Cribeiro, perdón por as alusións. O BNG reafirmase en cada unha das liñas que expresou nese comunicado. Así mesmo, queremos animar aos cedeireses e cedeiresas a asistir aos Plenos municipais, para que comprobren en directo a realidade do que aquí se fala e poidan comparalo co que o PP publica, cheo de fantasía, trampas e mentiras do voceiro do Partido Popular. Dito o anterior, imos lembrar algunhas fazañas do Sr. Cribeiro aínda que somos conscientes que case toda a Vila coñece a súa traxectoria:

Sr. Cribeiro, lémbrese de como enviou a unha persoa a intimidarnos cando se enterou que viña a actual Alcaldesa de Moeche ao mitin do BNG ? Aquelas ameazas de que “coidado co que se ía dicir no mitin porque habería xente gravando todo”? De que tiña medo, Sr. Cribeiro? Do que puideran contar das súas historias cando foi Alcalde de Moeche?

Por qué, Sr. Cribeiro, utilizou todas as vías para facer saber ao BNG na campaña electoral das municipais 2023, que o PP lles ofrecía a Alcaldía sen contrapartida algunha? Para tentarnos, dixo vostede, porque é un tramposo, dicimos nos.

Como tivo a desfachatez, con todos os respectos, de dicirle en persoa ao candidato do BNG, que vostede ía de candidato do PP porque non atoparan outro? Díxomo vostede a min, non sei se se lembra. É consciente do descrédito que esta afirmación ocasiona aos militantes do PP de Cedeira? É consciente do dano e a vergoña á que pode estar sometendo aos seus propios compañeiros e compañeiras de bancada nesta Corporación?

Sr. Cribeiro, aínda que o intente, non vai conseguir que nos enfademos cos nosos amigos e rivais políticos da bancada do Partido Popular. Non o vai a conseguir, porque, aínda que temos diferenzas, a eles e a elas coñecémolos e sabemos que non son capaces de utilizar as súas trampas.

Lembrarlle que ese partido ao que vostede di non pertencer, nesta pasada campaña electoral das municipais, incumprindo as normas que os outros partidos respectaron, colocaron publicidade coa súa figura moderna e despreocupada, adornada por certo co logo do PP, que vostede afirmou que non usaría, en todo canto lugar atoparon alleos ás indicacións da Xunta Electoral.

Sr. Cribeiro, non imos desvelar outros sucesos que levamos moito tempo sabendo, porque non nos parece oportuno dalos a coñecer porque non somos como vostede.



E para rematar polo de agora, Sr. Cribeiro, permítame que lle diga que non lle vemos futuro nesta Corporación, e o tempo dirá se temos razón. En tanto, Sr. Cribeiro, NAON, que en idioma BNG quere dicir “nós ao noso”.

Sr. Alcalde, o grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego fai o seguinte rogo: que todas as sesións plenarias deste Concello sexan retransmitidas en streaming, para que poidan ser vistas por todos os cidadáns e cidadás deste concello que o desexen, o que asegurará que ninguén se atreva a desvirtuar posteriormente o que os Concelleiros e Concelleiras deste Pleno digan no transcurso das súas intervencións.

O Sr. Alcalde di: Tomo nota do rogo. Si que considero moi importante que se graven as sesións, así como logo se transcriben as actas que logo se pasan aos grupos políticos non teñen repercusión na vida social do noso concello, pero si que é verdade que cremos que é moi necesario poder gravalos, poñelos en streaming. Parte do que vostede está afirmando de que pode haber corta-pega, malas interpretacións ou cousas que se podan modificar vai servir para que a xente saiba realmente como se funciona, como se traballa, como se contesta e como se pregunta nos Plenos. É algo moi importante, hai sacar unha partida económica para isto. Hai un sistema que creo que está moi ben que é un sistema de micro que grava a intervención e dase a palabra dende unha tablet. Sería algo que estaría moi ben.

O Sr. Rodríguez Arribe di: Nós rogamos que se faga.

O Sr. Cribeiro García: Podo intervir?

O Sr. Alcalde di: Se é para facer un rogo ou unha pregunta, si. Se é para contestar non porque agora estamos en rogos en preguntas e non imos entrar en debate. Eu se é para facer un rogo ou unha pregunta, non teño problema en volver atrás, pero se é un debate, non.

O Sr. Cribeiro García di: Vou facer un rogo. Primeiro de todo quería recordar que estamos no ano 2023. Eu fun elixido polo pobo de Cedeira, non por outro sitio. Eu estou a traballar polo presente e polo futuro de Cedeira. Estou canso de informacións falsas e de difamacións. Se queredes, para que o vexades, por moito que o digades, aquí tedes tres noticias que confirman que fun absolto de calquera tipo de delito e declarado non culpable. A ver se agora os membros do BNG, ademais de tomar parte do goberno de Cedeira tamén son avogados, xuíces ou maxistrados do Tribunal Constitucional para ditar sentencias xurídicas. O Supremo autoriza a gravación dos Plenos nos concellos. Pódense gravar os plenos legalmente? Si. Pode un Concelleiro impedir a gravación alegando o dereito á propia imaxe? Non. Fantasías pola nosa parte - e non o ciña só a min, senón ao noso grupo, ós catro que estamos aquí – ningunha. Fantasías ningunha, Sr. José, mentiras ningunha. Todo o que vai reflexado nos vídeos é certo. Medo ningún. O que si lle vou a rogar é que eu non vou a admitir que ninguén veña a insultarme á miña casa, sexa de onde sexa.

O Sr. Alcalde di: Eu non permitiría en ningún momento que houbese insultos.

O Sr. Rodríguez Arribe di: Sr. Cribeiro, insulteino?

O Sr. Cribeiro García di: Non, non.

O Sr. Alcalde di: Xa permitín meter este tema como un rogo. Esta Presidencia non vai a permitir ningunha falta de respecto, nin ningún insulto por parte de ninguén. Aquí vimos para traballar por e



para os veciños e veciñas de Cedeira. Traballaremos por e para eles. Podemos discutir e facer moitísimas cousas. Aquí todos queremos o mellor para todos. Está ben que confrontemos con ideas que é a base da democracia. Eu creo que é mellor deixalo así. Creo que é unha moi boa proposta que se graven as sesións, tamén estou de acordo en que hoxe en día con tema das redes sociais moitas veces se manipulan imaxes e información que poden dar lugar a unha falsa opinión na veciñanza porque non transcorren as accións tal e como son. Boa semana e boas festas da Patrona.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás 20:40 horas do expresado día, estendéndose a presente acta do que eu, como Secretaria, dou fe.

O PRESIDENTE
PABLO DIEGO MOREDA GIL

A SECRETARIA
ANA VELO RUIZ